

#BNG responde cunha humorada á proposta do PP para que apoie a investidura de Rafael Louzán.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 04 Xuño 2015 22:52



Todo comezou cedo na xornada do xoves cunhas declaracións do presidente provincial do PP e en funcións da deputación, Rafael Louzán, na procura do apoio do BNG a súa investidura e así evitar o ingreso da socialista Carmela Silva á presidencia.

Espectaba Louzán: "O BNG debe reflexionar, non ser excluínte e facerse adulto". Rafael Louzán que tralo 24M perdera a maioría absoluta na deputación lembraba aos nacionalistas que "a matraca anti PP acabóuselle ao BNG, e agora probablemente a teñan outros". As súas presións queren evitar a alianza PSOE-BNG que dará por terra un novo mandato do popular. A resposta dos militantes do BNG non se fixo esperar e inundou as redes con mensaxes como este

A ver Louzán, que parte da palabra "NON" non entendes? Co PP NON temos nada que pactar! [@Farodevigo](#) [@PontevedraViva](#) pic.twitter.com/q4PJ98U4OI

— BNG (@obloque) [junio 4, 2015](#)